



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAIS CURRICULARES E MATERIAL DIDÁCTICO E COMPLEMENTARIO DESTINADO A ALUMNADO MATRICULADO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS, CURSO 2013/2014.

DESTINATARIOS:

Alumnado matriculado, no curso escolar 2013/2014, en E. Primaria, Educación Secundaria e Educación Especial.

REQUISITOS:

- A) Estar matriculado nalgún dos cursos anteriormente mencionados e NON REPETIR CURSO neste ano académico (agás en 1º ou 2º de EP, porque é material funxible).
- B) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- C) Para o alumnado de EDUCACIÓN PRIMARIA e ESO ter unha renda **per cápita igual ou inferior a 9000 Euros (ver como calcular per cápita).**

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes, segundo o ANEXO I a esta orde, presentaranse **nos centros docentes no que estea matriculado o alumnado.**

"PRESENTARASE UNHA SOLICITUDE POR ALUMNO/A MATRICULADO/A.

- As axudas serán solicitadas polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

- Educación Primaria / Educación Especial - Do 3 de xuño ao 3 de xullo de 2013, ámbolos dous inclusive.
- ESO, que aproben en xuño, do 25 de xuño ao 26 de xullo de 2013, ámbolos dous inclusive..
- ESO, que deixen pendentes para setembro, do 2 de setembro ao 2 de outubro de 2013, ámbolos dous inclusive,.

VALE DE PRESENTACIÓN: Unha vez que o centro introduce a solicitude no sistema, xerarase un VALE (ANEXO II) que despois de selar e asinar polo director do centro se entregará ao solicitante para que o leve a librería.

-RECOLLIDA DO VALE:

E. PRIMARIA: Do 15 ao 31 de xullo.

ESO (que aproben todo en xuño): Do 15 ao 31 de xullo.

ESO (que deixen pendentes para setembro): Mes de setembro, tras facer os exames de recuperación.

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN:

As instancias (ANEXO I) poderán obterse:

- Nos Centros.
- Nas Xefaturas territoriais de Educación e Ou.
- No portal educativo: <http://www.edu.xunta.es>

Unha vez cuberta a solicitudes e debidamente asinada polo pai, nai ou titor/a do alumnado (agás nos supostos de separación ou divorcio, nos cales poderá ser asinada unicamente polo proxenitor que teña a custodia do menor)

DOCUMENTACIÓN:

A) Alumnado de educación primaria e ESO:

a) **Fotocopia do libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos que acredieten os membros da unidade familiar, tales como:**

- Orixinal ou copia compulsada do certificado de empadramento da unidade familiar.
- Orixinal ou copia compulsada do certificado do concello de residencia, que acredite a situación familiar.

b) **No caso de discapacidade do/a alumno/a, do solicitante ou dalgún dos membros da unidade familiar deberá acompañarse copia compulsada de:**

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou
- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

B) No caso do alumnado de Educación Especial, non será necesaria a presentación de documentación, soamente a solicitude.

C) Os que teñan un minusvalidez igual ou superior ao 65% deberán presentar solicitude e CERTIFICADO DE MINUSVALIDEZ, non o resto de documentación.

- **A documentación que se presente deberá ter validez na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.**

CONTÍA DAS AXUDAS:

EDUCACIÓN PRIMARIA:

FAMILIAS MONOPARENTAIS:

Renda per cápita familiar ata 6.000 euros : 170 Euros.

Renda per cápita familiar: Desde 6.000,01 ata 9.000 Euros: 90 Euros.

RESTO DAS FAMILIAS:

Renda per cápita familiar ata 5.400 euros: 170 Euros.

Renda per cápita familiar desde 5.400,01 euros ata 9.000 Euros: 90 Euros.

EDUCACIÓN SECUNDARIA:

FAMILIAS MONOPARENTAIS:

Renda per cápita familiar ata 6.000 euros : 180 Euros.

Renda per cápita familiar: Desde 6.000,01 ata 9.000 Euros: 104 Euros.

RESTO DAS FAMILIAS:

Renda per cápita familiar ata 5.400 euros: 180 Euros.

Renda per cápita familiar desde 5.400,01 euros ata 9.000 Euros: 104 Euros.

ALUMNADO DE EDUCACIÓN ESPECIAL E ALUMNADO CON MINUSVALÍA IGUAL OU SUPERIOR A 65%: 250 Euros , non se ten en conta a renda per cápita.

RENDA PER CÁPITA:

1. É a renda familiar do ano 2011 dividida entre o número de membros da unidade familiar computables.
2. Para os efectos de cálculo desta renda computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
3. Nesta convocatoria terase en conta o exercicio fiscal 2011 para os efectos de determinar a renda per cápita familiar. **Os membros da u.familiar que presentasen declaración 2011 para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 455 (base imponible xeral) e 465 (base imponible do aforro) o resultado disto divídese entre os membros da unidade familiar.**
4. **NO CASO DE NON PRESENTAR DECLARACIÓN:** A renda obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza.

Respecto do solicitante, a presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Fachenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, sendo tamén necesaria a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obtían ingresos, que deberán asinar para tal fin o ANEXO I, e indicar o seu NIF/NIE.

FAMILIAS MONOPARENTAIS: Deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia. No caso de DIVORCIO ou SEPARACIÓN LEGAL non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno. Non obstante, se é o caso, terá consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

UNIDADE FAMILIAR:

- Pais non separados legalmente e, se for o caso, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Fillos menores de idade, agás dos emancipados.
- Fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Fillos solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio **familiar a 31 decembro de 2011.**
- **Cando non exista convivencia** deberá acreditarse mediante **certificado de empadramento.**
- **Caso de falecemento dalgún dos proxenitores:** **Certificado de defunción.**
- **Caso de separación ou divorcio:** **Sentenza xudicial.**

ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAS CURRICULARES, ETC.

- Unha vez que o solicitante estea en posesión do VALE (entregado polo colexio unha vez asinado e selado polo director) poderá adquirir os libros e material escolar na librería da súa escolla e polo importe máximo que figura no documento.
- **A librería NON poderá en ningún caso, requirir á persoa que lle anticipe o importe do vale, nin que lle entregue o vale antes da recepción dos libros.**
- **O solicitante deberá asinar o VALE no momento da recepción do material, (NUNCA antes desta recepción),** dando a súa conformidade aos libros e material escolar entregado, así como, se for o caso, ao importe indicado polo establecemento no recadro establecido para tal efecto.
- Unha vez entregados os libros e material escolar ao solicitante o establecemento (librería) quedará en posesión do correspondente VALE.

NO CASO DE ALUMNADO DE EDUCACIÓN ESPECIAL:

O director do centro poderá coordinar a adquisición de material en distintos establecementos entregando os VALES que lle corres pondan aos alumnos.

- Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só poder ser utilizado nun único establecemento.

Ribadavia 3 de xuño de 2013.

O director,

Víctor Vicente Fernández Bello.